



Roza e as outras

O papel das mulleres na preparación da revolta armada
no campo de concentración de Auschwitz



á memoria das que non voltaron
a Ala, Ester, Regina, Roza e
todas as demais

L. WEINBERG
7.8.36.
Holl.

JURTH. GELDER. CONEN
25.12.83
BERMANN
HOLLAND

HETTER

L. BERMANN
25.12.1886
HAMBURG
VI/II.52.

KLARA A. SAR
GOLDSTEIN
ROTE KREUZ
GASSE

Almanca, Alora
Hien
Endenbrass

MARGARETE
GLASER
14.8.1897

Introducción:

O presente texto foi escrito nun comezo para a web da **editorial anarquista *Abordaxe!***¹ coa intención de dar a coñecer un episodio de resistencia descoñecido para moitas, na nosa opinión debido tanto ao contexto e lugar onde aconteceu (e onde resulta difícil, en principio, imaxinarse unha sublevación armada das prisioneiras) como polo feito de que as súas protagonistas sexan mulleres, eternas silenciadas, invisibilizadas por unha historia escrita por homes que xamáis recoñecerán ás mulleres como suxeitos protagonistas, e moito menos como individuos conscientes capaces de organizarse por sí mesmas para respostar aos seus opresores e loitar polas súas vidas e dignidade.

Agora, decidimos editalo nun formato sinxelo e asequible coa mesma idea, agardando que axude á súa difusión e lectura, e que esta historia continúa inspirando novas esperanzas e novas revoltas.

Queremos agradecer a labor que realizou no seu día Ingrid Strobl, xornalista e activista feminista e anticapitalista, documentando, ordenando e compartindo a historia das mulleres que participaron nos distintos movementos de resistencia que xurdiron nos territorios europeos ocupados polos nazis ou na España franquista, porque permitiunos coñecer moitas voces e fazañas coma esta. Aconsellamos encarecidamente a lectura do libro *“Partisanas: La mujer en la resistencia armada contra el fascismo y la ocupación alemana (1936-1945)”*.²

Queremos dedicar esta publicación, por suposto, á memoria de Roza Robotta, Ala Gertner, Regina Safirstain e Ester Wajsbium, agora que se cumpren 75 anos desde aquel 6 de xaneiro de 1945 no que as catro foron aforcadas en Auschwitz polas SS diante do resto de prisioneiras. Tamén queremos dedicalo á memoria de todas as demais, de todas as mulleres que resistiron contra o fascismo e cúa *her-story* foi silenciada mesmo polo propio patriarcado “revolucionario”.

Por elas. Por todas.

¹ <http://abordaxe.org>

² *“Partisanas: La mujer en la resistencia armada contra el fascismo y la ocupación alemana (1936-1945)”*, Ingrid Strobl | Editorial Virus // ISBN: 978-84-92559-64-0 // Tercera Edición (outubro 2015)





הַמָּקוֹב

(Nekama, palabra en hebreo que significa “Venganza” e que, segundo algunhas testemuñas, Roza berrou instantes antes de ser aforcada)

ROZA E AS OUTRAS

O PAPEL DAS MULLERES NA PREPARACIÓN DA REVOLTA ARMADA NO CAMPO
DE CONCENTRACIÓN DE AUSCHWITZ



Roza Robotta tiña só 21 anos cando unha noite de 1942, o tren de gando cheo de prisioneiras que a transportaba detívose na rampa do campo de concentración e exterminio nazi de Auschwitz II – Birkenau, a infame extensión do campo principal de Auschwitz, en Polonia, que os nazis ordenaran construír a uns 3 kms do orixinal cando, en 1941, decatáronse de que as instalacións non abondaban para acoller semellante volume de deportacións chegadas de todos os territorios da Europa controlada polo Tercer Reich. Escolleron para ubicalo a localidade de Brzezinka (en alemán, *Birkenau*, de ahí o nome do campo), nun inmenso prado do que aproveitarían algunhas construcións de madeira para os primeiros barracóns.

Roza, a pesar da súa mocidade, xa sabía perfectamente a onde se dirixían, e a trágica sorte que a agardaba tras aquelas portas. Escoitara rumores no gueto da cidade de Ciechánow onde pasara pechada os primeiros dous anos da guerra pola súa ascendencia xudía. Ciechánow fora ocupada polos nazis aos 3 días da invasión de Polonia, en 1939, e pronto acordonaron a zona máis demacrada para habilitar o “barrio xudeu”, que sería liquidado dous anos máis tarde, coas súas habitantes fusiladas ou deportadas en masa aos campos da morte. A resistencia do gueto, coa que Roza colaboraba a través da súa militancia no grupo esquerdista xudeu *Haschomer Hazair*, xa sospeitaba do destino daqueles trens e camións que, cargados ata os topes de condenadas, marchaban periódicamente para voltar baleiros. Tamén sospeitaban que, realmente, as promesas dos nazis que aseguraban que só se trataba de meras operacións de reasentamento en lugares de traballo no leste polaco en mellores condicións, non eran máis que hipócritas eufemismos.

Con todo, Roza non foi escollida para morrer inmediatamente, a diferenza da gran maioría de persoas que viaxaban naquel tren, enviadas á cámara de gas á súa chegada. Ela e outras poucas mulleres “afortunadas” foron escollidas para o traballo forzado. Roza foi remitida a un *kommando* (destino de traballo escravo dentro dalgunhas das empresas ou tarefas vencelladas ao campo) na sección de indumentaria, mentras que o resto de mulleres mandáronas co *kommando* da fábrica de municións da *Weichsel-Union-Werken*, unha filial da *Krupp*³, e onde se fabricaban entre outras cousas espoletas para granadas, e pezas para armamento que logo era enviado aos soldados do fronte.

Roza, coñecida xa por algunhas persoas prisioneiras en Birkenau, non tardou en ser contactada pola rede de resistencia clandestina que existía dentro do campo. Dous

³ *Krupp* foi unha das empresas que tras a guerra seguiu activa coma se nada despois de aproveitarse canto puideron da man de obra prisioneira durante o holocausto

importantes membros desa conspiración, Israel Gutman e Joshua Lejfer, enviaron a outro prisioneiro, Noah Zabłudowicz (quen coñecera a Roza no gueto de Ciechánow) a explicarlle o seu plan e pedir a súa colaboración. Noah informou a Roza da súa intención de preparar un levantamento armado dentro de Birkenau que tería un dobre obxectivo: por unha banda, sabotear a maquinaria de exterminio nazi, coa fin de retrasar ou deter todo o posible a matanza; pola outra, abrir unha brecha de confusión e descontrol no estricto réxime de vixilancia do campo que puidese permitir un intento de fuga masivo. Coñecendo o valor e a disposición de Roza, propuxéronlle formar parte da misión máis importante e perigosa: conseguir os materiais explosivos necesarios para fabricar bombas coas que pretendían facer estoupar os crematorios. Roza aceptou sen dudar. Aquela mesma noite, despois do traballo, Roza reuniuse co resto de mulleres de Ciechánow da súa confianza, e propúxolles colaborar, xa que eran elas as que foran destinadas a traballar na fábrica de armamento da Unión. A súa tarefa consistiría en sacar pequenas cantidades de pólvora en latañas que podían agochar fácilmente. Deberían facelo no turno nocturno, onde os gardas estaban máis cansos e os controis na saída non eran tan rigurosos. Ademais, debían formar unha rede de confianza para poder aumentar a cantidade de pólvora que poderían sacar de cada vez. Hana Wajsblum, irmá pequena de Ester Wajsblum, unha destas mulleres, e que sobreviviu ao holocausto, expresaría así as palabras da súa irmá maior:

“Podemos conseguilo e só depende de nós – dixo Ester Wajsblum, unha delas -, milleiros morrerán, pero se cadra aínda podemos salvar a alguén. Non podemos permitir que millóns de persoas sexan asasinadas ás costas do mundo. É a nosa obriga crear as condicións que fagan posible unha fuxida en masa. [...] Non podemos ir coma gando ao matadoiro. Temos que ofrecer resistencia.”

Así, estas tres mulleres, Ester Wajsblum, Ala Gertner e Regina Safirsztain, xunto con aproximadamente unha vintena de colaboradoras máis que permanecen no anonimato, comezaron o seu contrabando de pólvora agochada nos panos da súa cabeza (que os nazis nunca tocaban, pois consideraban que as prisioneiras eran un foco de piollos e enfermidades contaxiosas) ou na roupa interior, logrando pasar inadvertidas noite tras noite. Unha vez entregada a Roza, ésta pasaba a pólvora ao seu contacto na resistencia, para seguir circulando clandestinamente ata alcanzar o seu destino. Filatov, un prisioneiro de guerra do exército soviético, fabricaría as bombas. Algunhas superviventes afirman que chegaron a utilizar os cadáveres das súas compañeiras e amigas mortas para ocultar o material sustraído, sabendo que os corpos rematarían o día ardendo no crematorio, onde



Roza Robotta (1921-1945)

4 Citado segundo palabras de Hana Wajsblum, irmá pequena de Ester Wajsblum e supervivente de Auschwitz-Birkenau, en *“Widerstand in Auschwitz”* (Resistencia en Auschwitz), aparecido no n° 3 do *Dachauer Hefte* titulado *“Frauen – Verfolgung und Widerstand”* (Mulleres – Persecución e Resistencia) en novembro de 1987.


había persoal da resistencia traballando no denominado *Sonderkommando*.

Sonderkommando (Comando Especial) era o nome que recibían unhas brigadas especiais de traballadores xudeus creadas polos nazis nos principais campos de exterminio coma Auschwitz ou Sobibor. A súa horrible tarefa consistía en afrontar diariamente a tremenda carga dun dilema moral inhumano. Debían estar presentes na chegada dos transportes de prisioneiras, tranquilizar ás persoas recién chegadas, convencelas de que colaborasen, e unha vez que os nazis seleccionaran a aquelas que serían directamente enviadas á cámara de gas, tiñan que acompañalas ata alí, asegurándolles que só se trataba dunha inofensiva ducha, despois da cal poderían reunirse de novo co resto das súas familias. Unha vez o gas facía efecto e remataba a operación de matanza, chegaba a peor parte. Debían retirar os cadáveres, coller todo o que aínda puideran conservar de valor (dentes de ouro, cabelos, obxectos que se puideran ter agochado en conductos corporais coma o ano...) e finalmente, transportar os corpos ata o crematorio correspondente e proceder á súa incineración. A cambio de enganar aos seus, e de gardar silencio sobre o que lles ían facer, recibían toda clase de beneficios, completamente inauditos e imposibles para o resto de prisioneiros (comida abundante, roupa limpa, camas individuais en barracóns apartados do resto de presas noutra zona menos exposta ás epidemias e á violencia arbitraria dos gardas borrachos, e mesmo a vista gorda dalgúns nazis con respecto dalgunhas actividades ilegais que para outros que non contaban con ese favor significaban a morte inmediata). Con todo, o prezo a pagar era extremadamente alto, e foron moitos os membros do *Sonderkommando* que se suicidaron lanzándose contra as alambradas electrificadas, ou simplemente, provocando o seu asasinato a mans dun garda por atacalo ou por simplemente negarse a seguir facendo o traballo sucio das SS. Ademais, os beneficios dos que disfrutaban non eran senón unha cruel distracción. Os nazis non pensaban permitir que ningún xudeu saíra con vida de alí, e menos aínda se esa persoa estivera dentro da cámara de gas e dos fornos crematorios, puidendo dar testemuña de todo canto alí acontecera. Por iso, cada 3-4 meses (como máximo, ás veces antes), os nazis facían formar ao *Sonderkommando*, asegurábanlles que serían trasladados a outro campo con mellores condicións, coma un indulto pola súa colaboración, pero os camións chegaban aos bosques arredor do río Vístula, onde eran asasinados a tiros. Despois, os nazis convencían a outro grupo de prisioneiros para ocupar o seu lugar.



Ala Gertner (1912-1945)

En Birkenau, o *Sonderkommando* nº 12, composto íntegramente de xudeus deportados desde Hungría, sabían que se achegaba a súa quenda de ser “trasladados”, e impacientábanse. Con todo, o momento da verdade non daba chegado. Cada vez que as condicións parecían as axeitadas ocorría algo que facía que o grupo central da resistencia



retrasara a revolta. O tempo pasaba, a situación era cada vez máis desesperada e o número de mortes continuaba aumentando. Os prisioneiros do *Sonderkommando* sabían que a súa execución era inminente e que non podían agardar máis. O 7 de outubro de 1944, durante un cambio de turno, o *Sonderkommando* rebelouse pola súa propia conta. Algunhas ametralladoras e pistolas que grupos de partisanas deixaran preto da alambrada ou agochadas en zonas de traballo escravo onde logo podían recollelas outros membros da resistencia presos no campo, e os explosivos caseiros que prepararan coa pólvora roubada polas mulleres, foron os seus únicos equipamentos. Lograrían facer saltar polos aires un dos edificios dos crematorios (en concreto o nº 4) deixándoo inutilizado para sempre, e matar a unha boa cantidade de SS, ademais de protagonizar un audaz intento de fuga, tristemente infrutuoso pois a maioría caeu baixo un diluvio de balas das torres de vixilancia, e os que sobreviviron foron posteriormente recapturados, torturados e finalmente fusilados ou aforcados.

Os mandos nazis do campo, con todo, quedaron totalmente abraiados e sobresaltados. A faísca de resistencia e revolta que xa prendera nos guetos xudeus de Varsovia ou Cracovia (e doutros puntos da Polonia ocupada), saltaba agora en Birkenau creando un precedente perigoso. Ninguén agardaba que aquelas persoas aterrorizadas puideran reunir as forzas e a esperanza que precisaban para sublevarse. Ademais, Auschwitz non sería o único campo onde se levaría a cabo un alzamento. O campo de concentración de Sobibor, tamén en Polonia, fora o escenario, un ano antes, o 14 de outubro de 1943, doutra revolta, na cal ademais de conseguir axustizar aos cabecillas verdugos, levouse a cabo unha gran fuga na que se salvaron moreas de persoas. Os nazis, por fin, tiñan medo, e a súa vinganza non se fixo de rogar. Sabían que, indefectiblemente, a pólvora proviña da fábrica de municións, e por iso levarían a cabo toda clase de torturas e interrogatorios con mulleres presas que alí traballaban, coa intención de sonsacarlles a información sobre quen es roubaran ese material. Despois de semanas de malleiras e brutais malos tratos físicos e psicolóxicos, detiveron a Ester Wajsblum, Ala Gertner e Regina Safirsztain, así como

tamén a Roza Robotá. Isto levou ás mulleres a ter sospeitas de que as SS conseguiran que algunha das mulleres da fábrica falase, xa que Roza non traballaba alí, e a súa única relación co contrabando de pólvora desenvolvíase a través da rede de resistencia, que non todo o mundo coñecía. As catro foron torturadas salvaxemente no infame Bloque 11, un barracón destinado especialmente ao castigo, moito máis temido que as balas na caluga ou que a cámara de gas. Roza, en concreto, remataría coa meirande parte dos ósos do corpo feitos anacos, convertida nun amasillo de carne inflamada, agardando o golpe de gracia.

Noah Zabłudowicz, o primeiro contacto de Roza na resistencia de Auschwitz e que fora veciño seu en Ciechánów, convenceu a Jacob, o *kapo*⁵ no Bloque 11, para que lle dera permiso para pasar a ver a Roza. Jacob aceptou o soborno e emborrachou á garda nazi, permitindo que Noah puidese colarse cunha excusa. Noah sobreviviría a Auschwitz e despois da liberación, describiría do seguinte xeito o seu reencontro con Roza Robotá:

*“Tiven o privilexio de ser o último en ver a Roza poucos días antes de que fora executada. Pola noite [...] entrei no búnker do Bloque 11 e vin as celdas e os corredores escuros. Oín os lamentos dos condenados e estremecínme ata o máis profundo do meu ser. Jacob conducíume á cela de Roza [...] Cando os meus ollos se acostumaron á escuridade, puiden distinguir unha figura envolta en farrapos, estirada sobre o chan de cemento. Volveu a súa cabeza cara min. Apenas puiden recoñecela. Describíume os sádicos métodos empregados polos alemáns durante os interrogatorios. Non había ser humano que puidera resistir iso. Díxome que ela asumira toda a culpa e que ninguén máis estaba en perigo. Non delatará a ninguén. Tentei consolala, pero non escoitou. Só pediu que o resto de compañeiros seguisen co traballo. Resulta máis fácil morrer, dixó, cando se sabe que os outros continuarán na brecha.”*⁶

Noah tamén afirmaría que Roza respostou aos seus intentos de tranquilizala cunha frase firme: *“Tranquilo, sei o que fixen e sei o que me agarda.”*

O 6 de xaneiro de 1945, menos dun mes antes de que o exército soviético liberase por fin o campo de Auschwitz, as catro mulleres, Roza Robotá, Ala Gertner, Ester Wajsblum e Regina Safirsztain, foron aforcadas diante do resto de prisioneiras.

5 Prisioneiros metidos en Auschwitz por delitos comúns pero que non eran de familia xudía, e que eran designados polos nazis para facer tarefas de carceleiros.

6 Citado do capítulo *“Roza Robotá: Heroine of Auschwitz Underground”* (Roza Robotá: Heroína do Underground de Auschwitz) da obra máis ampla *“They Fought Back: The story of the Jewish Resistance in Nazi Europe”* (Elas Contratacaron: A Historia da Resistencia Xudía na Europa Nazi), 1975.



Ester Wajsblum (1924-1945)

Hana, irmá pequena de Ester, describiría así a execución da súa irmá:

“Deron a orde de “A formar!”. Pero aínda eran as cinco da madrugada [...] De súpeto, os meus ollos contemplaron o terreo entre os Bloques 4 e 5. A que se debía este chamamento? [...] Mentras permanecía de pé, medio durmida, vina de súpeto [á miña irmá]. [...] Inmediatamente despois escoitamos a orde: “Traballadoras da Unión para adiante!”, “Sección de Pólvora, un paso ao fronte!”. [...] Levantei a cabeza; a pouca distancia puiden distinguir o patíbulo. Comprendín o que ía pasar. [...] O silencio reinaba na praza. Escoitaba a respiración acelerada, os suspiros e as bágoas contidas. Puxéronse en marcha. As cabezas alzadas, os ollos mirando cara adiante, ben lonxe, cara a liberdade. A liberdade perdida. A son das cadeiras ao ser plegadas e retiradas. Morreron.”⁷

Segundo outras testemuñas, instantes antes de caer a cadeira e morrer na soga, Roza despediríase berrando *“Vinganza! Non teñades medo!”*.

Sen dúbida, esta historia representa un valiosísimo exemplo do valor, entereza e dignidade que fan falla para resistir mesmo nas condicións máis adversas que poidamos imaxinar. Un grupo de mulleres, varias das cales apenas superaban as dúas décadas de idade pero que fixeron fronte ao seu atroz medo e decidiron dar un paso adiante na loita polas súas vidas, deixando un legado inesquecible. Mulleres que abandonaron o rol patriarcal de vítimas pasivas que os nazis agardaban delas, e decidiron defenderse a sí mesmas e ás demais.

Hoxe en día, durante a visita guiada aos restos dos campos de Auschwitz e de Birkenau, pódense observar os cimentos do crematorio número 4 que fixo voar a revolta de outubro de 1944. Unha revolta que non tería sido posible sen estas catro mulleres e sen todas aquelas que, sen coñecer os seus nomes, tamén arriscaron a vida nas condicións máis perigosas para poder cumprir o seu soño de vingarse.

Que a amnesia democrática non peche nunca as feridas abertas da memoria combativa.


Hoxe coma onte, morte ao fascismo, ao Estado, ao Patriarcado e ao Capital!

Disnomia



Regina Safirstain (1915-1945)

⁷ Ver nota 4



© 7 de outubro de 1944, un grupo de prisioneiros do campo de concentración nazi de Auschwitz-Birkenau sublevoúse nun levantamento armado. Logarían facer saltar polos aires o crematorio número 4 e axustizara varios dos seus captores nazis, así como levar a cabo un valente intento de fuga, por desgraza infrutuoso. Pero esa revolta non tería sido posible sen o papel decisivo e o valor de 4 mulleres, Roza Robotta, Ala Gertner, Regina Zafirstain e Ester Wajsbium, e de outras moitas anónimas, que arriscaron a vida para conseguir roubar a pólvora coa que se fabricarían os explosivos. As conspiradoras foron descubertas, torturadas e executadas, pero a súa dignidade permaneceu intacta.

Esta é a historia das que loitaron e morreron sen poder contalo.



EDITORA ANARQUISTA

ABORDAXE.ORG

ABORDAXE@BASTARDI.NET